

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OTORRINOLARINGOLOXÍA DA ÁREA COMPOSTELÁ INCORPORA NOVA TECNOLOXÍA PARA O TRATAMENTO DA VERTIXE POSICIONAL PAROXÍSTICA BENIGNA

- O Clínico é o primeiro hospital público de Galicia e o segundo de España en contar cunha cadeira de brazos TRV de última xeración que mellora a diagnose e o tratamento desta patoloxía

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2023.- O servizo de Otorrinolaringoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza é o primeiro en Galicia e o segundo en España en incorporar unha cadeira de brazos TRV para os doentes con vertixe posicional paroxística benigna. Esta nova tecnoloxía permite tanto a diagnose coma o tratamento de doentes que antes non podían someterse manualmente ás manobras de movemento que se empregan para esta patoloxía.

Trátase dun sistema mecanizado que garante a seguridade do doente e permite completar estas manobras con eficacia e precisión. É especialmente útil en persoas con mobilidade reducida, con determinadas doenzas na columna vertebral ou para superar o medo e malestar dos pacientes cando se inician as manobras manuais, xa que estas inducen o vertixe.

O vertixe posicional paroxístico benigno é a causa máis frecuente de vertixe. Está orixinado no oído interno e débese ao desprazamento dunhas partículas de carbonato cálcico (as otoconias). En condicións normais están adheridas a unhas estruturas sensoriais do sistema vestibular (as máculas do utrículo e do sáculo). Nembargantes, en determinadas circunstancias poden desprenderse, quedando libres na endolinfa e introducíndose nalgún dos condutos semicirculares.

Os movementos da cabeza (deitarse, erguerse, xirarse bruscamente...) provocan que se despracen dentro do conduto semicircular e iso produce sensación de vertixe.

O diagnóstico destes pacientes baséase na realización de manobras (as probas posicionais) que permitan, ante movementos da cabeza, reproducir a vertixe. O seu tratamento realízase tamén con outras manobras (as de reposicionamento das otoconias; as máis coñecidas son a de Epley e a de Semont), para reconducir ditas otoconias desde o conduto semicircular ata o lugar no que deben estar.

Estas manobras (tanto as diagnósticas como as terapéuticas) realízanse habitualmente nunha padiola e son moi efectivas. Con todo, isto é difícil nalgúns pacientes, por diferentes motivos (dificultade na mobilización por problemas na columna vertebral, temor do paciente para caerse da padiola cando se lle desencadea a vertixe...).

Especialmente nestes casos, é moi útil dispoñer dun sistema mecanizado que, garantindo a seguridade do paciente, permita completar estas manobras con eficacia e con precisión.

Ese sistema é a cadeira de brazos TRV, un dispositivo que, asegurando a suxeición do paciente (o cal lle achega sensación de seguridade), permite facer con precisión as manobras que sexan precisas para diagnosticar e curar a estes pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dende hai dous meses, na Unidade de Otoneuroloxía do Servizo de Otorrinolaringoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, dispón desta cadeira de brazos TRV. É o primeiro co que conta a sanidade pública galega e o segundo a nivel nacional.

Esta Unidade, integrada polos doutores Sofía Santos, Isabel Vaamonde e Andrés Soto, ten unha longa experiencia no diagnóstico e tratamento dos pacientes con vertixe e alteracións do equilibrio, é centro de referencia autonómica para rehabilitación vestibular e rotan por ela especialistas e residentes doutros hospitais de España, de Portugal e de Iberoamérica.

saúdos,
Saúdos